

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA NO DOLMEN DE PEDRA CUBERTA (VIMIANZO, A CORUÑA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou o pasado día 05/07/2023 coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2023.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dos traballos de limpeza, escavación, investigación e documentación arqueolóxica no xacemento do dolmen de Pedra Cuberta (Vimianzo, A Coruña), en 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal asinado se fundamentan no seguinte:

O dolmen de Pedra Cuberta (Vimianzo, A Coruña) con código GA15092002 é un túmulo megalítico que conserva no seu interior un dolmen de corredor bastante alterado. Foi o primeiro dolmen do noroeste peninsular no que se documentaron pinturas megalíticas, no ano 1934. O seu descubridor, o arqueólogo alemán Georg Leisner, escavou o interior do monumento sobre un metro de sedimento, ata atopar o pavimento de uso do monumento, sen que mencione máis achados de interese ca unha machada puída. Localizou restos de pintura en todas as lousas da cámara, nun estado de conservación bastante bo, en cores vermello e negro. O monumento foi incluído no Rexistro de bens de interese cultural de Galicia, máxima categoría de protección do patrimonio cultural, mediante a resolución do 15 de marzo de 2011 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



(DOG núm. 70, do 08.04.2011).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio detallado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

